



R volve patrocinar o equipo **Fundación Celta Integra**

- *O Director da Fundación Celta e máis o Director de R acudiron esta mañá á sede do club en Vigo para inmortalizar o acordo cunha foto a carón dunha representación do equipo.*
- *A alianza entre a Fundación Celta de Vigo e o operador galego responde, unha vez máis, á aposta conxunta polos valores da integración social e a deportividade, esenciais para ambas as dúas entidades.*
- *O logo de R manterase nos equipamentos dos xogadores e do corpo técnico do Celta Integra durante a presente tempada 2021-22 e tamén nas canles de comunicación do club de fútbol vigués.*
- *Este novo convenio dálle percorrido á colaboración entre operador e club, como en anos anteriores, para subscribir o apoio de R ao Celta Integra, onde xogan persoas do colectivo D.I. (con discapacidade intelectual).*

Martes, 15 de febreiro de 2022 .- O Director da Fundación Celta, Germán Arteta, e máis o Director de **R**, Alfredo Ramos posaron esta mañá xunto a membros do equipo e do corpo técnico do conxunto Celta Integra na sede do Real Club Celta, en Vigo, para poñer en escena o **novo acordo de patrocinio** rubricado polo operador galego e máis a entidade do club olívico. Desta maneira, **R** volve patrocinar oficialmente o Celta Integra, que xoga en *LaLiga Genuine*, competición de equipos formados por persoas do colectivo D.I (con discapacidade intelectual) e organizada por *LaLiga*.

En palabras do Presidente da Fundación Celta, Carlos Mouriño “o crecemento do *Celta Integra* é impresionante dende que naceu. As persoas que o compoñen móstranse a través dos valores que nos fan sentir orgullosos delas como a inclusión, a sociabilidade, a autoconfianza ou a amizade; uns valores cada vez máis presentes nas súas vidas. Nós, dende a Fundación Celta temos un firme compromiso coa sociedade e podemos dicir que esta é a actividade da que nos sentimos máis orgullosos (...)

(...) Sen empresas colaboradoras como R, desenvolver este proxecto e acadar eses obxectivos non sería posible. Quero agradecer en nome da Fundación Celta e do seu Padroado o grande apoio mostrado, que lles permitirá seguir crescendo como persoas e deportistas aos nosos mozos e mozas dentro dunha sociedade cada vez máis sensible, solidaria e integradora”.

Alfredo Ramos, pola súa banda, asegurou que para R, e pola experiencia de anos anteriores, colaborar co Celta Integra “*é un verdadeiro pracer e este apoio que lles brindamos orgullosos/as, achéganos tantas cousas boas coma a eles/as, ou mesmo máis (...) Porque aquí e agora podemos expresar a nosa aposta compartida polo deporte, pola integración social e por valores tan importantes coma a deportividade. As persoas que compoñen o Fundación Celta Integra seguriño nos van seguir ofrecendo aos demais a cara máis amable do deporte, a que prima a deportividade por enriba da loita e o feito de compartir antes que o de competir. Por iso, hoxe revalidamos en Vigo a nosa amizade co club e o noso respaldo reiterado a esta iniciativa tan fermosa”.*

R, no terreo de xogo

O operador galego xa é patrocinador oficial do Celta Integra ata o remate da presente tempada 2021-22 de *LaLigaGenuine*: o logo de R estará presente no equipamento deportivo dos/as xogadores/as e do corpo técnico e figurará igualmente na **web do equipo** Celta Integra. Ademais, os/as xogadores/as do club vigués disputarán un **partido amigable** fronte a profesionais de R, entre outras accións incluídas no acordo.

Con este patrocinio a Fundación Celta de Vigo e máis R poñen en común o interese de ambas as dúas entidades por contribuír á mellora constante, o crecemento e a adaptación social do equipo e das persoas que o compoñen. Así mesmo o operador galego mantén vixente, neste acompañamento ao conxunto Celta Integra, a súa inquietude pola **colaboración social para contribuír na mellora de vida** dos/as habitantes de Galicia a todos os niveis.

Sobre LaLiga Genuine: máis aló do deporte

O proxecto de *LaLiga Genuine*, que vencella fútbol e integración social, comezou a súa andaina da man de *LaLiga* hai catro tempadas. Trátase dunha competición formada por conxuntos do colectivo DI (integrados por persoas con discapacidade intelectual), na que ademais da puntuación polos resultados deportivos, e para que prime a deportividade, todos os clubs contan con **puntos que premian o xogo limpo**. O campionato xógase na modalidade de Fútbol 8 (partidos de 4 partes de 10 minutos cada unha) e a tempada divídese en 4 fases que se desenvolven en diferentes sedes.

Sobre o Fundación Celta Integra

O proxecto do equipo nace coa idea de lles achegar a persoas con discapacidade intelectual as escolas da Fundación Celta como ferramenta de desenvolvemento, adaptación e integración, fomentando rutinas e hábitos de vida saudables a través da práctica do deporte. O obxectivo principal é non ser só un equipo de fútbol senón conseguir unha mellora individual a nivel social e persoal, ser máis responsables e independentes.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda ancha e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. (R.gal).

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal